

O PSdeG de Lugo denuncia o “inaceptable colapso” do HULA e esixe unha “solución inmediata” da Xunta

Os socialistas amosaron probas fotográficas do peche de plantas completas do hospital lucense (ADXUNTAMOS FOTOGRAFÍAS) e levarán ao Parlamento iniciativas e preguntas escritas que deben ser respondidas polo Goberno do PP nun prazo máximo de 20 días

O PSdeG anuncia que hoxe comeza nos centros de toda a provincia a privatización do mantemento de Electromedicina e Esterilización, que ata agora era de xestión pública. “Así empezou a privatización da sanidade en Madrid e este é o camiño ao que nos está a levar a Xunta”, censura a deputada Concepción Burgo

O PSdeG de Lugo denunciou esta mañá con probas gráficas o “inaceptable colapso” que está a vivir o HULA e esixe unha “solución inmediata” por parte da Xunta e a xerencia sanitaria. A deputada autonómica Concepción Burgo e o secretario provincial de Sanidade, Miguel Rodríguez Lois, amosaron imaxes que demostran o peche de tres plantas completas do hospital este verán, as de medicina interna, traumatoloxía e a de coidados paliativos e xeriatria, ademais de parte de xinecoloxía, o que fai que os profesionais teñan que usar zonas de observación e pasillos para ter aos pacientes por falta de camas. “Como lucense, nunca pensei ter que volver a ver a imaxe terrible e tercermundista de pacientes estancados nos pasillos como sucedía no antigo Xeral; agora non é por falta de espazo nun hospital novo e con infraestruturas suficientes, senón por unha xestión pésima que non devolve a tempos que parecían rematados”, lamentou Burgo.

Os socialistas levarán ademais ao Parlamento preguntas escritas, que segundo o regulamento deben ser respondidas polo Goberno autonómico nun prazo máximo de 20 días, para que expliquen cal é o número real de camas e servizos pechados. Por outra banda, critican que lles chegaron “numerosas denuncias” de persoas sobre o traslado de pacientes á sanidade privada, polo que preguntarán cantos pacientes teñen sido derivados este verán e “cal é o custo destas derivacións con cartos públicos que se lle dan á privada”. Asimesmo, presentarán unha proposición non de lei para que “nunca máis suceda esta situación” que se produce, din, “pola toma de decisións por parte da Consellería sen nin sequera consensualas cos profesionais sanitarios, que dan máis do 100% no seu traballo e están a facer máis do que poden para garantir a calidade asistencial”, a pesar de que “non se están a cubrir baixas nin hai substitucións nunha plantilla escasa”.

O PSdeG xa o denunciou no Arde Lucus e a Xunta “desmentiu o que é real”

O secretario provincial de Sanidade, Miguel Rodríguez Lois, lembra que o PSdeG de Lugo xa denunciou durante o Arde Lucus a situación do hospital. “A Xunta saíu inmediatamente a desmentilo, e agora vemos que o que dicíamos é moi real; que non enganen á xente e digan onde están esas camas que afirman que están dispoñibles, cando hai persoas ingresadas en unidades que non lles corresponden e pacientes que deberían estar en planta e están colapsado urxencias porque non poden recibir a alta”, critica o socialista. Rodríguez Lois apunta que se non se están a dar casos de altas inadecuadas é “pola responsabilidade dos profesionais médicos, que están a traballar moi por riba das súas obrigas e poñen o paciente por riba de todo”.



Concepción Burgo incidiu na “nefasta xestión” da Xunta e preguntouse “como é posible que se peche a planta de xeriatría e coidados paliativos nunha das provincias máis envellecidas de España”. Asimesmo, indicou que as cifras “unha vez máis, apuntan a Lugo como a provincia que sempre é tratada como de segunda ou terceira categoría” para o goberno autonómico, xa que os números coñecidos “a falta de saber a verdade” falan do peche do 17% das camas na temporada de verán, “o máis alto de toda Galicia”.

Privatización de Electromedicina e Esterilización desde hoxe

Os socialistas advertiron asimesmo de que precisamente hoxe comeza “a nova xestión privatizada do mantemento de Electromedicina e Esterilización nos centros médicos de toda a provincia”, cun contrato cunha empresa privada que afecta a toda a comunidade, a pesar de que “a xestión estaba a levarse ata agora con persoal do Sergas” sen problemas. “Así é como empezou a privatización da sanidade noutras comunidades como Madrid, e este é o camiño ao que nos está a levar a Xunta”, afirmou Burgo, que instou aos responsables do goberno do PP a “explicar dunha vez cales son os seus plans ideolóxicos coa sanidade da provincia de Lugo e de Galicia”.

Lugo, 16 de xullo de 2013